

MEMORIA

Segundo o artigo 168 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ó orzamento da entidade unírase, entre outros documentos, unha Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co orzamento vixente.

É dicir, a Memoria componse de dúas partes. Unha referente ó exame do orzamento no seu conxunto e outra, para sinalar ás variacións que o mesmo presenta con respecto ó anterior.

O ORZAMENTO EN XERAL

Trátase do terceiro Orzamento que se elabora dende a aprobación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade Financeira, desenvolvendo o mandato contido no artigo 135 da Constitución Española, reformado o 27 de setembro de 2011, e dando cumprimento ó Tratado de Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión Económica e Monetaria, do 2 de marzo de 2012, garantindo así, unha adaptación continua e automática á normativa europea.

O Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2015, integrado polo orzamento da propia Deputación, e o orzamento do seu organismo autónomo INORDE enmárcase nunha situación de crise económica que tivo, e segue tendo, un importante efecto no sector público local cuxa principal manifestación foi o desequilibrio entre os recursos dispoñibles e os gastos necesarios para o mantemento dos servizos a prestar por esta entidade local, o que supuxo a necesidade de importantes axustes.

As remuneracións do persoal axústanse na súa estrutura ó previsto no R.D.861/1986. Para a súa contía e definición de conceptos retributivos tense en conta o previsto na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, e no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, estando pendente de aprobar a dita Lei a día de hoxe. Os niveis do complemento de destino e as contías do

complemento específico veñen determinados pola Relación de Postos de Traballo (RPT), documento clave para a xestión de persoal.

A previsión do Fondo Complementario de Financiamento aumenta lixeiramente con respecto ao exercicio de 2014 en seiscientos mil euros.

A obras e servizos provinciais

Comprendendo os servizos de vías provinciais, parque de maquinaria e fornecementos, rede provincial de animais abandonados, parques xardíns e zonas verdes, augas e medio ambiente, área de infraestruturas, cooperación, limpeza viaria , e xestión de servizos municipais de recollida de lixo, destínase no orzamento a cantidade de **34.672.379,49 euros.**

Educación, cultura e deporte

En educación inclúense gastos da UNED, das escolas de formación profesional, das escolas especiais, así como das escolas de artes e de gaitas e danzas. Se engadimos o apoio económico á Universidade de Vigo, o total ascende a **975.526,45 euros.**

En cultura figuran os gastos de biblioteca, o museo artesán da música, edicións e publicacións, bandas de música, agrupacións corais e musicais, fomento de actividades culturais e recreativas, patrimonio histórico, Teatro Principal, Pazo de Vilamarín e Centro Cultural e promoción do galego. O importe total de gasto é de **3.594.624,23 euros.**

En deportes, hai que computar os gastos asociados ó Pazo dos deportes Paco Paz e os destinados a instalacións deportivas e promoción e fomento do deporte, ascendendo en total á cantidade de **2.311.804,87 euros.**

En consecuencia, para os fins deste apartado consígnase no orzamento a cantidade de **6.881.955,55 euros.**

Cooperación a investimentos nos concellos

Destínanse a esta finalidade **3.088.187,37**, incrementándose a cantidade que se viña aportando para este fin nun 60 por cento.

Medio rural

As actuacións no medio rural lévanse a cabo nas explotacións de Monterrei , O Reino e Armariz, asumindo tamén o pagamento de tributos e aportación á comunidade de regantes no centro ecuestre e explotación de Antela.

Nesta área de actuación, consígnase no orzamento a cantidade de **1.056.770,50 euros**.

Acción social

Tendo en conta para este apartado as consignacións orzamentarias específicas máis o termalismo, fomento do emprego e a protección de riscos laborais, o total que se destina a acción social supón **6.420.424,87 euros**.

Informática e novas tecnoloxías

Destínase para esta finalidade, a cantidade de **1.305.352,91 euros**.

Importe total do orzamento

O do ano 2015 elévase á cantidade de **75.707.000,00 euros**, experimentando un incremento no total resultante de 2.007.000,00 euros, o **2,72 por cento** con respecto ao do ano 2014.

Esta incremento débese como xa se indicou ó incremento no Fondo Complementario de Financiamento, en razón dos ingresos previstos e realizados no actual exercicio.

PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS CON RESPECTO Ó ORZAMENTO DO EXERCICIO ANTERIOR

Agora, imos considerar as variacións que experimentan os estados de gastos e ingresos do presente orzamento en relación cos do exercicio anterior.

Estado de gastos

O capítulo I gastos de persoal que ascende á cantidade de 26.888.630,78 euros, experimentou unha pequena baixa **de 700.222,89 euros o (2,54%)** respecto á consignación do orzamento do 2014. Representa este capítulo o 35,52 por cento do total do orzamento.

O capítulo II, no que se recollen os gastos correntes en bens e servizos, importa **17.711.388,32 euros**, o que supón o **23,39** por cento do total do orzamento, e diminúe

como consecuencia de pequenos axustes no custo dos servizos para unha mais axeitada orzamentación dos mesmos.

Nos capítulos III de gastos financeiros e IX pasivos financeiros, recóllense os gastos previsibles no exercicio de xuros e amortizacións de préstamos. Representan o total dos dous capítulos **4.288.974,35** euros, o que supón o **5,66** por cento do total do orzamento e unha diminución 2.230.024,64 euros sobre o consignado no ano anterior.

O capítulo IV de transferencias correntes ascende a **7.818.506,55** euros, representa o **10,33** por cento do orzamento e aumenta en 873.951,24 euros o (12,58%) respecto á consignación do exercicio de 2014

O capítulo VI de investimentos reais ascende á cantidade de **17.184.500,00** euros, o que representa o **22,6** por cento do total do orzamento. En comparación coa previsión do exercicio de 2014, prodúcese un incremento de 3.982.748,10 euros o (30,17%)

O Capítulo VII de transferencias de capital, ascende á cantidade de **1.415.000,00** euros, o que supón o **1,87** por cento do total do orzamento e ten un incremento de 174.665,28 euros con respecto á consignación do exercicio anterior.

O Capítulo VIII de activos financeiros, ascende á cantidade de **300.000,00** euros, o que representa o **0,30** por cento do orzamento de gastos, e non experimenta variación algunha co ano anterior.

Estado de ingresos.

No capítulo I, que comprende os impostos directos, recóllese a cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas e a recarga provincial no imposto sobre actividades económicas, cunha previsión de **4.200.000,00** euros , e que representa o **5,55** por cento do orzamento.

No capítulo II que comprende a cesión de impostos indirectos. Destaca a cesión do IVE por valor de 3.211.000,00 euros, e importando o total deste capítulo II **4.300.000,00** euros, que representa o **5,68** por cento do orzamento.

O capítulo III, que recolle as taxas, os prezos públicos e outros ingresos, importa **5.269.204,97 euros**, o que representa o **6,96** por cento do estado de ingresos. Experimenta unha diminución de 280.902,11 euros o (5,06%) con respecto ao exercicio de 2014.

O capítulo IV comprende as transferencias correntes. Entre elas, figura o recurso máis importante da facenda provincial, o Fondo complementario de financiamento que importa **53.200.000,00 euros**. O importe deste concepto representa o 70,27 por cento do total do estado de ingresos. O total do capítulo ascende á cantidade de **59.625.782,28 euros**, é dicir, o **78,76** por cento do orzamento, con un incremento de 720.801,63 euros.

O capítulo V, referente ós ingresos patrimoniais, ascende á cantidade de **146.212,75 euros**, que representa o **0,19** por cento do total do orzamento de ingresos. Ten unha diminución de 44.250,00 euros respecto ó exercicio anterior.

O capítulo VI, de alleamento de investimentos reais, figura cunha previsión de **12.000,00 euros**, que supón o **0,01** por cento do orzamento. Experimenta un incremento de 5.000 euros con respecto ao exercicio 2014.

No capítulo VII, de transferencias de capital, deben destacarse as previsións de financiamento con fondos do estado para servizos sociais e igualdade e para o plan de fomento de emprego xuvenil, cun importe para todo o capítulo de **1.853.800,00 euros**, o que representa o **2,45** por cento do total do orzamento. A consignación neste capítulo aumenta en 853.350,48 euros respecto ó ano 2014.

O capítulo VIII, de activos financeiros, ascende á cantidade de **300.000,00 euros**, igual ao ano anterior, representando o **0,39** por cento do total do orzamento.

BASES DE EXECUCIÓN

Para a acertada xestión do orzamento acompañanse as bases de execución, sendo de destacar que se manteñen no que fai referencia á excepción ó principio de anualidade por recoñecemento extraxudicial (Bases 5ª.c) e 31.C).i) nun **10%**.

As dedicacións exclusivas e parciais figuran nas bases de execución e no anexo de deputados con dedicación.

Exposto o contido do orzamento así como as súas principais modificacións, con respecto ó do exercicio último, sométese a exame e, no seu caso, aprobación da Excm. Corporación provincial.

Ourense, 17 de outubro de 2014

O PRESIDENTE,

José Manuel Baltar Blanco